

A ILUSTRACIÓN EN ESPAÑA

Nesta pregunta o alumnado debería coñecer ás ideas básicas defendidas pola Ilustración e as características propias da Ilustración española, sinalando as súas figuras principais e os seus mecanismos de difusión. Debería coñecer tamén o desenvolvemento do Despotismo ilustrado en España, subliñando a labor desenvolvida por Carlos III e o seu impacto real.

O contido do texto que será obxecto da pregunta 1/epígrafe a desenvolver con maior atención é o do Despotismo Ilustrado desenvolvido por Carlos III e as dificultades atopadas na súa realización.

AS IDEAS FUNDAMENTAIS DO PENSAMENTO ILUSTRADO.

Trazos da Ilustración en España e Galicia

A Ilustración española e galega foi un fenómeno minoritario que se desenvolveu preferentemente entre os sectores máis baixos da nobreza e do clero e dalgúns membros da burguesía (burócratas, académicos e eclesiásticos). Unha elite de letrados de orixe fidalga de familias con poucos recursos que cos seus empregos de “golillas” ó servizo das distintas administracións ou dos seus bufetes nas grandes cidades ascendían na escala social nunha carreira alternativa á eclesiástica. Nas súas casas celebráranse tertulias que acabarán por crear lazos de amizade entre eles e compartirán a súa antipatía coa aristocracia e atoparán na figura do monarca “ilustrado”, especialmente Carlos III, o seu principal protector.

Influídos polo empirismo inglés (Locke, Hume, Bacon), a obra científica de Newton e polas obras dos ilustrados franceses (Voltaire, Montesquieu, Rousseau), a maioría dos ilustrados españois e galegos terán en común algúns trazos:

- . **A confianza na razón** como medio de coñecemento por riba da superstición e tamén da revelación.

- . A introdución dunha **nova escala de valores como “utilidade”, “interese”**. Os ilustrados españois **xustifican as reformas** fundamentalmente cun sentido eminentemente práctico. Non procuraban unha nova teoría política, senón **respostas prácticas a problemas administrativos, económicos e educativos**. Redactan numerosos memoriais co sentido de aportar solucións ós atrancos que impiden o desenvolvemento económico en España.

- . **A difusión e coñecemento dos novos principios da Ilustración**. Principios económicos como a **Liberdade de comercio e Principios políticos do Liberalismo**, provenientes na súa maioría do “iusnaturalismo”, como os **dereitos naturais, a idea de pacto social e os de liberdade e igualdade**.

- . **A crítica dos privilexios da nobreza e do clero** e de calquera privilexio baseado na tradición e non na razón nin dos méritos adquiridos.

Coinciden na **loita contra: A Inquisición, contra a organización gremial, contra A Mesta, contra as vinculacións de terras**: morgados, mans mortas, contra “**O ocio**” ou consideración do traballo como impropio dos estamentos privilexiados. Neste sentido hai que destacar a Real Cédula de Carlos III de 1783.

Aínda así outra das características dos ilustrados españois é

- . **A aceptación do orde social existente** (en absoluto son revolucionarios que queiran transformar ou rematar coa sociedade estamental do Antigo Réxime). A burocracia ó servizo da Monarquía Absoluta sempre coidou de non entrar en conflito cos alicerces do Antigo Réxime.

- . **O “optimismo educativo”**. Compre cambiar as “disposicións mentais” dos homes para que unha nova xeración estea preparada para asumir os cambios necesarios na economía e na sociedade.

O ensino debe deixar de estar nas mans exclusivas da Igrexa e permitir a divulgación científica e racional. Isto sería causa da elaboración de plans de ensino (Jovellanos no reinado de Carlos IV) e a reforma universitaria de 1778 (redución da presenza de relixiosos nas cátedras, incrementouse o nº de cátedras, ampliouse o programa de estudos...)

Os ilustrados cren na **educación como medio para que o pobo sexa capaz de comprender e apoiar as reformas**, aínda que non para pedilas por si mesmos, o que entronca con:

- . **A defensa do Despotismo Ilustrado. O reinado de Carlos III**. Os Ilustrados cren que van xunguidos o reforzamento do poder do Estado e do Rei coa procura do benestar dos súbditos.

Xa que non se pode convencer á maior parte do clero e da nobreza da necesidade das reformas, estas deben partir, de forma autoritaria, da autoridade rexia que, seguindo o ideal da Ilustración, deben procurar o desenvolvemento material dos súbditos, é dicir, a felicidade.

Coñécese como **reformismo borbónico** ou reformismo ilustrado ó conxunto de proxectos, medidas e reformas (levadas a cabo ou simplemente proxectadas) que, especialmente en España no reinado de Carlos III, afectaron a todos os campos: política, administración, economía, sociedade, cultura...inspirados nos ideais da Ilustración.

Especialmente durante o reinado de Carlos III, levaranse adiante as principais reformas nos ámbitos económico, educativo e, en menor medida, social no s. XVIII, medidas de carácter moderado e práctico que non alteraban as bases do Antigo Réxime.

(reformas das técnicas da agricultura, Novas poboacións de Serra Morena, elaboración de memoriais como os de Campomanes e Floridablanca, o fomento da industria e do comercio, a liberalización do comercio con América...)

Principais reformas no reinado de Carlos III.

Fortalecemento do Estado e do poder do Rei: Aumento do persoal da Administración, modificación das provincias, intendencias e concellos, regulamentación do exército, Novos tribunais..

Mellora da Agricultura: Incremento da produción mediante medidas como o cultivo de novas terras (Colonización de Serra Morena...), favoreceu a introdución de melloras técnicas (novos procedementos de cultivo, mellora das sementes...), espallamento do regadío (canle de Aragón)

Propostas de modificación do réxime de propiedade: Consideraban as terras en mans mortas da Igrexa e os morgados da nobreza como atrancos para mellorar a produción agraria. Ademais criticaron a abundancia de terras comunais e de campesiños pobres e xornaleiros sen terras. Tralas revoltas de 1766, Motín de Esquilache (descontento social polo prezo do pan a causa das malas colleitas o acaparamento e a especulación), os gobernos de Carlos III tomaron algunhas iniciativas como As Novas Poboacións en Serra Morena, promovidas por Olavide para colonizar terras abandonadas e dignificar a vida dos colonos (A Carolina, A Carlota). Intentouse, sen éxito pola oposición da nobreza e o clero, a elaboración dunha Lei Agraria, para a que se levaron adiante importantes estudos como os de Campomanes (limitar o aumento de terras mortas pola Igrexa), Floridablanca (reparto de comunais e baldíos entre os labregos máis necesitados) ou o Grande Expediente de Campomanes.

Fomento da produción artesanal e industrial: Axudas para mantemento ou creación de obradoiros, medidas proteccionistas a prol da artesanía local. Creación das Manufacturas Reais para a demanda da Coroa (Tapices, porcelanas, cristais..) para a construción naval (arsenais de Ferrol, Cádiz, Cartaxena), armas e equipamento (siderurxias de Liérganes, a Cavada en Santander), de consumo popular (Tabacos de Sevilla...)

Potenciación da industria popular: Da industria rural (sistema doméstico) como medio de complementar os recursos dos campesiños e procurar a estabilidade social. Importante en Galicia era a produción de liño e os curtidos.

Defensa do valor do traballo artesanal: Recoñecer o traballo artesanal como un mérito social, compatible coa nobreza e o desempeño das funcións públicas.

Apoio ó desenvolvemento do comercio: Para eliminar os atrancos para o desenvolvemento económico, favoreceron a liberdade de circulación de produtos, suprimen as taxas dos grans (1765), construción dos camiños reais desde Madrid (estrutura radial), acondicionando novos peiraos e fomentando a construción naval.

Liberalización do comercio colonial con América), Creouse o servizo de Correos Marítimos da Coruña en 1764, para enviar a correspondencia desde España ata A Habana e eliminouse o monopolio do comercio desde Cádiz, permitindo a máis portos españois (Málaga, Alacante, Barcelona, Cartagena, Santander, A Coruña, Gijón) comerciar con América (Decretos de Libre Comercio de 1765 e 1778)

Renovación da educación: Para incrementar a riqueza e transformar os hábitos sociais apoiase a educación de tipo útil e práctica, baseada no coñecemento das novidades técnicas e científicas. Crean escolas populares para a aprendizaxe dun oficio, reforman os estudos universitarios

(diminuindo a influencia da Igrexa), creación de institucións científicas como o Xardín Botánico, Real Observatorio Astronómico, Gabinete de Historia Natural...

Realización de expedicións ilustradas: Jorge Juan e Antonio de Ulloa participaron na misión xeodésica francesa ó actual Ecuador (1735-1744) que permitiu demostrar que a terra estaba achatada polos Polos. Xa no reinado de Carlos IV, Expedición de Malaspina (1789-1794) explorando América do Sur e o Pacífico (coñecer, explorar e introducir reformas nas posesións españolas de ultramar). Expedición, que partiu de A Coruña en 1803 para enviar e propagar a vacina da varicela por América, Pacífico e China.

Como principais atrancos a estas reformas hai que sinalar a miseria do campesiñado, a resistencia dos estamentos privilexiados, a vixilancia e persecución da Inquisición (censura de libros e escritos, vixilancia da conduta e pensamento dos ilustrados, como no caso Olavide, acusado de desafecto á relixión (pola súa preocupación polos campesiños e crítico das formas de propiedade da nobreza e do clero) e condenado a 8 anos de reclusión nun mosteiro e confiscación dos seus bens (fuxiu a Francia un ano despois).

En 1766 vaise producir o **Motín de Esquilache**, un dos numerosos motíns que se desenvolveron en España nese ano, por mor do descontento social provocado polo incremento do prezo do pan a causa das malas colleitas, ó que se vai unir as consecuencias da abolición da taxa do trigo en 1765, que significaba a liberdade de prezos e de circulación do trigo que promoveu á especulación e o seu acaparamento e que se traduciu en prezos máis altos e o desabastecemento das cidades. Os grupos privilexiados, nobreza e clero, opostos ás reformas ilustradas de Carlos III, aproveitaron ademais o sentimento contrario ós ministros italianos que acompañaran a Carlos III desde Nápoles e o malestar ante o incremento de impostos que significaban as reformas progresistas de Esquilache para promover os levantamentos e motíns. En Madrid, a reacción violenta do pobo ante o Decreto de 1766 que pretendía mellorar a imaxe de Madrid e dos seus cidadáns (prohibición das capas longas, que podían ocultar espadas e outras armas, e do sombreiro de aba ancha, co que ocultaban o rostro os delinquentes) provocou o inicio dun motín, Motín de Esquilache, que tivo o seu eco noutros lugares de España. Como consecuencia, Esquilache tivo que abandonar España e ó ano seguinte, Carlos III decretou a expulsión dos xesuítas, considerados como instigadores destes motíns. A expulsión, medida tomada antes por Portugal e Francia, respondía á política regalista propia da Ilustración, pois se consideraba que a exclusiva obediencia dos xesuítas ó Papa significaba unha infidelidade á Coroa e ía contra a pretensión dos monarcas de controlar á Igrexa do seu reino.

Difusión das ideas ilustradas:

Xa desde os primeiros anos do século foron espallándose por España por medio de libros, museos e a incipiente prensa as obras de científicos como Buffon ou Linneo. Máis atrancos, derivados fundamentalmente da acción do Tribunal da Santa Inquisición, atoparon as obras dos Ilustrados franceses. A Enciclopedia francesa foi prohibida pola Inquisición en 1759, circunstancia que non impediu a súa divulgación.

A prensa convértese nun dos principais medios de difusión das ideas da Ilustración. Nace e desenvólvese en pleno século XVIII desde 1661 cando nace A Gaceta de Madrid, de carácter oficial e que recollía información política e militar.

A fundación de Academias foi un dos fenómenos máis característicos da Ilustración en España na 1ª metade do s. XVIII. En 1713 fúndase a Real Academia da Lingua Española ("Limpia, fija y da esplendor"). A de Medicina en 1734, a da Historia en 1738... Estas foron básicas para a difusión da Ilustración, así como as Sociedades Económicas de Amigos do país para a promoción non só da agricultura, senón tamén da industria, comercio e avance de "ciencias útiles" (medicina, botánica, xeometría, arquitectura, física e náutica).

En Galicia podemos destacar ademais outras institucións ilustradas como a Real Academia de Agricultura de A Coruña e o Real Consulado (Escola náutica, comercio, contabilidade, matemáticas).

O labor dos ilustrados difundíronse ademais polos medios habituais de discursos, premios, publicacións e intercambio de experiencias.

Os Ilustrados en España e Galicia.

Pódese falar de 3 xeracións ou fases dentro da Ilustración española:

1ª Fase ou 1ª xeración. A xeración crítica: 1º metade do s. XVIII, coincidiría cos reinados de Felipe V e Fernando VI. Destacaríase como precursor O galego Pai Feixoo. En Galicia, ademais habería que destacar ó Pai Sarmiento.

2ª Fase ou 2ª xeración. Reinado de Carlos III.

O Rei Carlos III representa o mellor exemplo de Despotismo Ilustrado en España. O seu reinado favoreceu as reformas económicas, administrativas, culturais, educativas que foron defendidas e levadas adiante polas figuras máis sobranceiras da Ilustración Española entre os que destacarán Campomanes, Floridablanca, Olavide, Cornide...

En Galicia podemos destacar as figuras de **Cornide Saavedra, Monsoriu, Xoán Francisco de Castro**. Membros do Real Consulado da Coruña e das Sociedades económicas de amigos do país de Santiago e Lugo, influídos por Campomanes e a obra reformadora do reinado de Carlos III, pretenden a mellora material e cultural de Galicia, **3ª Fase ou 3ª xeración, ou xeración finisecular:** Coincidiría co reinado de Carlos IV. Xa é unha xeración influída polas novas correntes económicas do s. XVIII, a Fisiocracia e o Liberalismo económico. Como principais representantes poderíamos destacar a Gaspar Melchor de Jovellanos e en Galicia a Lucas Labrada.

ACTIVIDADES:

ACTIVIDADE 1 SINALA AS IDEAS FUNDAMENTAIS DA INFORMACIÓN CONTIDA NA 9ª PREGUNTA:

Características de Ilustración en España e Galiza

.....

.....

Ideas fundamentais da Ilustración

.....

.....

.....

.....

.....

Reformismo Borbónico

.....

.....

Principais reformas no reinado de Carlos III

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Principais atrancos cos que se atopa. Motín de Esquilache.....

.....

.....

.....

Difusión **das** **ideas** **ilustradas**

Xeracións de Ilustrados en España e Galicia

ACTIVIDADE 2

TEXTO PARA REVISAR:

Carlos III foi o monarca que impulsou o despotismo ilustrado en España, promovendo numerosas reformas co obxectivo de mellorar a economía e racionalizar as estruturas políticas. Entre as principais medidas adoptadas no seu reinado destaca a liberalización do comercio con América, ao acabar co monopolio español e permitir as viaxes desde os principais portos europeos, o que ía provocar un importante crecemento dos tráfico. As súas medidas tamén se orientaron ao fomento da educación e da cultura, outro dos grandes obxectivos do monarca. Entre elas destaca a creación das Sociedades Económicas de Amigos do País, destinadas a facilitar o acceso á ensinanza universitaria a mozos con escasos recursos.

Responda estes tres apartados:

- 1.1. Identifique as informacións erróneas. (0,5 puntos)
- 1.2. Explique os erros detectados. (1,5 puntos)
- 1.3. Proceda á súa redacción correcta. (0,5 puntos)

ACTIVIDADE 3

A partir das ideas básicas, elabora un texto que conteña 2 erros, xustifica a resposta e redacta correctamente